

**Concello de Lugo****MODELO 256****LICENZA URBANÍSTICA****PROCEDEMENTOS
Y001-Y005****DATOS DA PERSOA INTERESADA**

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		NIF/NIE/CIF:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		NIF/NIE/CIF:	
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:		
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:			

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO:		Canle de notificación:		<input type="checkbox"/> Telemática	<input type="checkbox"/> Postal
		Notifíquese a:		<input type="checkbox"/> Solicitante	<input type="checkbox"/> Representante
CONCELLO:	PROVINCIA:	CP:	ENDEREZO DE NOTIFICACIÓN TELEMÁTICA:		

DATOS DA ACTUACIÓN

DESCRIBCIÓN DA OBRA:			
LOCALIZACIÓN:		Nº	C.P.
REFERENCIA/S CATASTRAL/S:			
ORZAMENTO (€):		PERSONAL TÉCNICO QUE REDATOU O PROXECTO:	
ACTIVIDADE A QUE SE VAI DESTINAR A EDIFICACION:			
<i>Unha vez presentado ante o Concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel responde a súa autora ou o seu autor para todos os efectos.</i>			

DESCRIBCIÓN DA INTERVENCIÓN A REALIZAR SEGUNDO PROXECTO TÉCNICO PRESENTADO

SOLICITO se outorgue licenza urbanística para as actuacións proxectadas.			
DECLARO EXPRESAMENTE QUE son certos os datos recollidos e que se achega toda a documentación requerida.			

TODOS OS CAMPOS DESTA INSTANCIA DEBERÁN SER CUBERTOS.**NOTA:** no dorso deste impreso indícase a documentación que deberá achegar.Lugo, _____ de _____ de _____
A PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE**Ó SERVIZO DE LICENZAS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e en cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, os datos obtidos desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área tramitadora do procedemento, aos indicados fins polo Concello de Lugo e ante quen as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. A presentación desta solicitude supón unha clara acción afirmativa en relación ao tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na materia relacionada coa comunicación realizada e non poderán ser cedidos a terceiros agás nos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: Consultar na folia anexa a este impreso.

INSTRUCCIÓN

- 1. SE O INTERESADO NESTE PROCEDEMENTO É PERSOA XURÍDICA ESTÁ OBRIGADA A INICIAR O PROCEDEMENTO ELECTRÓNICO Y001, A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO, CUBRINDO TODOS OS CAMPOS (artigo 16.8 da Lei 39/2015, de 1 de outubro).**
- 2. DEBERANSE CUBRIR TODOS OS CAMPOS DA INSTANCIA E APORTAR A DOCUMENTACIÓN RELACIONADA A CONTINUACIÓN, QUE SE REQUIRA SEGUNDO A INTERVENCIÓN PROXECTADA.**
- 3. A FALTA DE DATOS NA INSTANCIA OU DA PRECEPTIVA DOCUMENTACIÓN, SUPORÁ O DESESTIMENTO DA SOLICITUDE SE NON SUBSANA A FALLA.**

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGAR COA SOLICITUDE

1.- DOCUMENTACIÓN XENÉRICA QUE TERÁ QUE SER PRESENTADA:

- Xustificante de pagamento dos tributos municipais. Para realizar a correspondente autoliquidación dos tributos deberá poñerse en contacto co Servizo de Facenda Local do Concello, presencialmente ou a través do correo electrónico tasasobras@lugo.gal.
- No caso de actuar en representación, acreditación da representación.
- Descrición suficiente das características da actuación de que se trate, que detalle os aspectos básicos desta, a súa localización e a edificación ou inmovible a que afecte, así como a súa referencia catastral.
- Reportaxe fotográfica da edificación ou edificacións nas que se intervén (ampliación, reforma, reestruturación, rehabilitación, demolición, etc).
- Proxecto técnico completo, suscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente cando sexa preceptivo. O proxecto técnico deberá conter:
 - Unha memoria urbanística como documento específico e independente, na que se indicará a finalidade e uso da construción ou actuación proxectada e xustificación do cumprimento da normativa e ordenanzas aplicables, na que se recollan os argumentos necesarios para xustificar a adaptación ó ambiente e a protección da paisaxe, normativa autonómica e municipal de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, medioambiental, hábitat, acústica, e código técnico de edificación. Así mesmo, desenvolverá os argumentos necesarios para xustificar o cumprimento do preceptuado no artigo 216 do Regulamento que desenvolve a Lei do Solo de Galicia.
 - Memoria xustificativa do cumprimento das condicións previstas na normativa sectorial.
 - Plano a escala axeitada, así como calquera información gráfica que resulte precisa para o apoiar o seu contido.
 - Así mesmo, achegarase plano xeorreferenciado en formato *.dwg, a escala mínima 1:500, coa definición expresa da aliñación e rasantes exteriores e interiores da parcela, que deberán ser coincidentes coas definidas no Plan Xeral de Ordenación Municipal, coas especificacións contidas no art. 28.2 do propio plan, regulador das aliñacións e rasantes oficiais, indicando os servizos de que dispón a parcela. Plano do perfil lonxitudinal real da beirarrúa ou beirarrúas ás que dea fronte.
 - O sinalamento municipal de aliñacións cando a obra proxectada en solo clasificado como núcleo rural afecte ou incida sobre un cerramento tradicional.
 - Plano catastral a escala 1:500, a fin de que o Concello determine a necesidade de proceder á normalización do predio, nel deberá constar a data dende a que existe a parcela coa súa configuración e superficie.
 - Proxecto de infraestruturas comúns de telecomunicacións redactado por técnico competente de acordo co establecido na lexislación específica.

- Proxecto técnico que prevea a instalación de infraestrutura de soporte do fogar dixital, cando así se esixa, de conformidade co establecido no Decreto 127/2016 de 15 de setembro, polo que se regulan as infraestruturas necesarias para posibilitar as funcionalidades do fogar dixital nas vivendas de nova construción.
- Estudo de seguridade e saúde redactado por técnico competente.
- Os proxectos de obras irán acompañados do correspondente oficio de dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
- Se o proxecto que se presenta supón a intervención nunha construción existente, indícarase a licenza da edificación da mesma, ou xustificación da súa situación urbanística.
- Se as obras proxectadas interveñen en zonas de protección arqueolóxica, deberase dar cumprimento ao esixido no capítulo 2 do PXOM, en atención aos distintos niveis ou graos de protección.
- Se a intervención proxectada require ser excepciónada do cumprimento de determinadas disposicións da normativa de habitabilidade de vivendas de Galicia, solicitaráse en procedemento independente (Y018), indicando a súa resolución.
- Autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente esixibles. Documento de avaliación ambiental no caso de requirila, ou ditame ambiental do uso a que vaian destinadas as obras.
- De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal.

Cando para a realización das actuacións obxecto da licenza non sexa esixible un proxecto técnico, a solicitude irá acompañada dunha memoria descritiva e gráfica que defina as características xerais do seu obxecto e do inmovible en que se pretenda levar a cabo.

2.- ESPECIFICACIÓNS CONCRETAS PARA INTERVENCIÓNS QUE SE REALICEN NO ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, REHABILITACIÓN E REFORMA INTERIOR DO RECINTO AMURALLADO E A SÚA ZONA DE INFLUENCIA:

2.1. Proxectos de obras en edificios existentes (artigo 23 do PEPRI)

- Documentación fotográfica en cor, referida ó edificio no seu conxunto e ós seus elementos máis característicos.
- Levantamento a escala mínima 1:100 dos estados actuais das plantas, fachadas, cubertas e outros elementos do edificio.
- Integración do alzado existente, e, no seu caso, o proposto, na fronte da rúa, a escala mínima 1:250, se as obras afectan a fachadas ou cubertas do edificio.
- Descrición dos danos e deficiencias do edificio, reflexado en planos e aportando, no seu caso, fotografías correspondentes.
- Descrición dos usos existentes e estado de ocupación do edificio.
- Xustificación de que as obras proxectadas se axustan á normativa particularizada do edificio.
- Planos do proxecto, no seu caso, a escala mínima 1:100.

2.2. Edificios suxeitos a protección individualizada no Catálogo do Plan Especial

- Memoria histórica, describindo as características e evolución do mesmo.
- Xustificación da conservación, restauración ou reposición dos elementos construtivos u ornamentais orixinais de interese, con documentación gráfica.

2.3. Actuacións que afecten á fachada e outros elementos exteriores

- Memoria de acabados exteriores, con indicación de texturas, calidades e cor dos mesmos.
- Xustificación da supresión de elementos disconformes coa composición arquitectónica do edificio.
- Detalles de solucións de carpintería, cerraxería e elementos construtivos ou ornamentais da fachada, cando se prevea a substitución ou reposición dos mesmos, a escala mínima 1:20. No caso de proxectarse galerías detallaranse alzados a escala mínima 1:20, con detalles construtivos a escala mínima 1:10.

- Detalle de elementos en cuberta, como buhardillas ou chemineas, cando se prevexa a substitución dos mesmos, a escala mínima 1:20.

2.4. Para proxectos de obras de demolición (artigo 24)

- Ademais da documentación técnica regulamentariamente esixible, os proxectos de demolición incluírán documentación adecuada para poder estimar a súa necesidade ou conveniencia e, no seu caso, testimonio fotográfico do edificio ou parte do mesmo a demoler.

2.5. Para proxectos de obras de nova edificación (artigo 25)

- Alzado da nova edificación integrado na fronte da rúa, a escala mínima 1: 250.
- Memoria de acabados exteriores, con indicación de textura, calidades e cor dos mesmos.
- Detalle de solucións de carpintería, cerraxería exterior e elementos construtivos e ornamentais da fachada, a escala mínima 1:20. No caso de proxectarse galerías, detallaranse alzados e sección das mesmas, a escala 1:20, con detalle construtivos a escala mínima 1:10. Detalles de elementos de cuberta a escala mínima de 1.20.

3.- DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA NO CASO DE PARCELAMENTO OU SEGREGACIÓN URBANÍSTICA (PROCEDEMENTO Y005):

- Memoria xustificativa que comprenda a finalidade ou o uso a que se pretenda destinar os lotes propostos e a súa adecuación ao planeamento urbanístico aplicable e ao réxime legal de formación de parcelas e predios.
- Documentación acreditativa da titularidade dos terreos.
- Plano de situación sobre cartografía actual, con indicación da súa referencia catastral. Poderá ser solicitado á Oficina de Topografía do Servizo Municipal de Enxeñaría, presencialmente ou na dirección de correo electrónico planosdesituacion@lugo.gal.
- Plano de delimitación da finca matriz e das fincas segregadas ou resultantes da parcelación. En solo urbano e urbanizable a finca matriz delimitarase a escala 1:1.000 ou máis detallada e as parcelas resultantes a escala 1:500.
- Fichas descritivas dos lotes resultantes, incluídas as relativas aos terreos destinados a sistemas urbanísticos que se teñan que ceder, se procede. As fichas terán que especificar os límites, a cabida e a cualificación urbanística de cada lote, así como a súa calidade de indivisible, se procede.
- Superposición de plano parcelario sobre o plano de clasificacións urbanísticas.
- En solo clasificado no Plan xeral como urbano ou núcleo rural deberá realizarse a cesión gratuita a administración titular da vía dos terreos destinados a viais fóra das aliñacións establecidas no planeamento.
- Cando a parcelación conleve o reparto de aproveitamentos edificatorios ou de uso, incorporárase á documentación a descrición urbanística das parcelas resultantes, na que se exprese a súa superficie, uso e aproveitamento.

4.- LICENZAS DE OBRAS DESTINADAS Ó DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADE:

- Documentación técnica, que poderá estar integrada nun único documento, subscrita por facultativo/a competente. Estará composta de:
 - Memoria coa descrición da actividade ou proceso produtivo que se pretende implantar ou modificar con enumeración da maquinaria, dotacións existentes máis significativas, horario de funcionamento, etc.
 - Declaración expresa de que o establecemento reúne as condicións urbanísticas, medioambientais, de seguridade, salubridade, accesibilidade e as demais que esixa a normativa que resulte de aplicación.
 - Estudo xustificativo da normativa que resulte de aplicación segundo a materia: urbanística, protección contra incendios, seguridade de utilización, accesibilidade, contaminación acústica e, de ser o caso medioambiental, aforro enerxético, etc.
 - Planos de localización do emprazamento a escala 1/1.000, ou equivalente, usando como base a planimetría do Plan Xeral de Ordenación Municipal; planos de situación relativa do local sobre o edificio/parcela; planos de planta reflectindo a distribución, usos de cada dependencia, cotas, maquinaria e instalacións; así como seccións e alzados.
 - Reportaxe fotográfica, se procede; que complementará graficamente a planimetría, tanto no exterior (fachada en todo caso) como nos recintos interiores máis representativos do desenvolvemento da actividade;

suficientemente descriptiva das instalacións ou dotacións existentes: ventilación, climatización, equipos de protección contra incendios, elementos accesibles...

- A autorización ou declaración ambiental que, de ser o caso, proceda.
- As autorizacións e os informes sectoriais que, de ser o caso, sexan preceptivos.

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL

Para os efectos previstos no *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos* e conforme á *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais*, proporciónaselle a seguinte información en relación ao tratamento dos seus datos.

RESPONSABLE DO TRATAMENTO:

A información facilitada no formulario é titularidade do Concello de Lugo, domiciliado na Praza Maior, nº 1 27001, Lugo. Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

-Teléfono: 982 297 100

-Correo electrónico: 010@lugo.gal

-Contacto DPD: dpd.lugo@seguridadinformacion.com

FINALIDADE:

Tramitación da solicitude instada pola/o interesada/o.

LEXITIMACIÓN:

O tratamento dos datos de carácter persoal achegados queda lexitimado por unha obriga legal, de conformidade co artigo 8 da *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais*, e atopa o seu fundamento na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

DESTINATARIOS:

Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes en dita materia. Non está prevista a comunicación de datos a terceiros alleos ao Concello nin a transferencia internacional dos mesmos.

DEREITOS:

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se, no Concello de Lugo, están a tratar datos persoais que lles atinxan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e no cumprimento da lexislación vixente.

En determinados casos, as persoas interesadas poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos. Nese caso, unicamente, se conservarán para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, as persoas interesadas poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Concello de Lugo deixará de tratar os datos, agás por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou a defensa de posibles reclamacións. A persoa interesada ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou ao Concello de Lugo nun formato estruturado, de uso común e lectura automatizada. Este último dereito limitarase polas seguintes excepcións:

- a) Que os datos sobre os que recae este dereito, fosen facilitados pola persoa interesada.
- b) Que os datos sexan tratados polo Concello de Lugo de forma automatizada.

Así mesmo ten dereito a retirar o consentimento outorgado, en cuxo caso será efectivo dende o momento no que o solicite, sen ter efectos retroactivos, así como o dereito a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Núm. Rex. E.L. 01270288

 Ref. ^a _____

PERSONA SUXEITA PASIVA:		NIF/NIE/CIF:	
ENDEREZO:			
TELÉFONO:		CORREO ELECTRÓNICO:	
TIPO DE OBRA:			

**OBTENCIÓN DO ORZAMENTO DE REFERENCIA SEGUNDO MÓDULOS BÁSICOS
ORIENTATIVOS PMb.**

PLANTAS:			SUPERFICIE CONSTRUÍDA	MÓDULO BÁSICO MB	TIPOLOXÍA CT	USO CE	MÓDULO MC	ORZAMENTOS PARCIAIS
NÚM.	USO	SUPERFICIE PARCIAL						
TOTAL SUPERFICIE CONSTRUÍDA				ORZAMENTO DE REFERENCIA				

Lugo, _____ de _____ de _____
A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE